



Concello de Boiro

CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
2031/2020	A Xunta de Goberno Local

**Sandra María García Chenlo, EN CALIDADE DE SECRETARIO DESTE ÓRGANO,
CERTIFICO:**

Que, na sesión desenvolvida o 17 de xuño de 2020 se adoptou o seguinte acordo:

Expediente 2031/2020. BASES DE SELECCIÓN PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTA PARA A COBERTURA LABORAL TEMPORAL DE PRAZAS DE CONDUTOR/A DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA.

Sobre a mesa o expediente tramitado para a aprobación das bases de selección destinadas á confección dunha lista para a cobertura laboral temporal de prazas de condutores/as de vehículos e maquinaria.

Consta o informe emitido pola técnica municipal de recursos humanos con data 09/06/2020 coa proposta de bases, así como a conformidade do Sr. Alcalde e a fiscalización favorable da intervención municipal de data 10/06/2020.

A Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións conferidas pola Alcaldía por medio da resolución núm. 607/2019 do 09/07/2019 (BOP núm. 137 do 22/07/2019), por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

PRIMEIRO. Aproba-las bases reguladoras do proceso selectivo para a confección dunha lista para a cobertura laboral temporal de prazas de prazas de condutores/as de vehículos e maquinaria, segundo o texto que se inclúe ó final deste acordo.

SEGUNDO. Que se tramite o expediente de selección de conformidade co previsto nas bases aprobadas e na lexislación vixente.

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTA PARA A COBERTURA LABORAL TEMPORAL DE PRAZAS DE CONDUTORES/AS DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA.

1º.-OBXECTO: A regulación do procedemento para a confección dunha lista para a cobertura con carácter laboral temporal de postos de condutor/a no departamento de obras

2º.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN: Os contratos de traballo formalizaranse baixo a modalidade contractual laboral temporal correspondente segundo se

Concello de Boiro





Concello de Boiro

necese no momento de realiza-la contratación ó abeiro do Real Decreto 2720/1998 de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de duración determinada.

3º.- SISTEMA DE ACCESO: concurso-oposición.

4º.- PUBLICIDADE: Para darlle publicidade a este proceso de selección, inserirase un anuncio nun dos diarios de maior tirada de Galicia e exporase un anuncio na páxina WEB do concello, no taboleiro municipal de anuncios e en todos aqueles lugares onde se considere oportuno.

5º.- LEXISLACIÓN APLICABLE: En canto a regulación das condicións do contrato laboral temporal estarase ó disposto no Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro e resto de disposicións normativas aplicables a esta materia.

6º.- REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS:

Para poder tomar parte no proceso selectivo será necesario que os aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos segundo o establecido no artigo 56 do RDLex. 5/2015 texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público:

A) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

B) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder de aquela para a xubilación forzosa por idade.

C) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo.

A condición de minusvalía ou incapacidade e a súa compatibilidade co posto a ocupar acreditarase conforme á normativa vixente e referida ó día de formalización do contrato mediante certificado médico oficial, caso de ser seleccionado.

D) Non atoparse incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar co concello de Boiro.

E) Non ser despedido mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos.

F) Deberán acreditar estar en posesión de, como mínimo, da ESO (Educación secundaria obrigatoria) ou equivalente.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 3J2G93HGHPXFGG3PCK7MRL39W | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 10



Concello de Boiro

G) Deberán estar en posesión do permiso de conducir clase B.

H) Ter realizados os cursos de operador de retrocargadora (mínimo 130 horas) así coma o curso de nivel básico de prevención de riscos laborais (60 horas).

7º.- SOLICITUDES:

As persoas aspirantes que desexen tomar parte nesta selección deberán presentar as súas instancias dirixidas ó señor Alcalde-Presidente, en modelo que se engade como ANEXO, na sede electrónica do Concello de Boiro <https://boiro.sedelectronica.gal> ou no Rexistro Xeral do Concello de Boiro en horario de atención ó público durante o prazo de dez días hábiles a partir do seguinte ao de publicación do anuncio de convocatoria no diario correspondente. No caso de ser presentadas por correo ou noutros rexistros, e a efectos de poder realiza-lo seu seguimento, as persoas solicitantes deberán remitir unha copia da instancia xa rexistrada mediante correo electrónico dirixido a persoal@boiro.org. As instancias irán acompañadas da seguinte documentación (copia electrónica):

- DNI.
- Titulación
- Currículum persoal sobre experiencia profesional vinculada a esa actividade, coa correspondente acreditación documental.
- Copia do certificado que acredite, como mínimo, CELGA 3 ou equivalente.
- Permiso de conducir clase B.
- Curso de operador de retrocargadora.
- Curso de nivel básico de prevención de riscos laborais.

Non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento presentou os citados documentos.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada. A consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación achegada polos aspirantes sancionárase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes superen a proba selectiva.

8º.- NÚMERO MÁXIMO DE INTEGRANTES DA LISTA:

Atendendo á previsión de mobilidade de persoal establécese un número máximo

Concello de Boiro





Concello de Boiro

de 20 persoas candidatas.

9º.- SELECCIÓN DE ASPIRANTES.

9.1.- OPOSICIÓN (Máximo 20 puntos):

A fase de oposición consistirá na realización de tres exercicios:

Primeiro exercicio: Consistirá en contestar un cuestionario de 20 preguntas relacionadas cos temas seguintes:

- Regulamento xeral de circulación
- Lei de prevención de riscos laborais
- Coñecemento da toponimia municipal do Concello de Boiro

Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos para supera-la proba e poder realizar así o segundo exercicio.

O tempo de realización desta proba será de 30 minutos.

Segundo exercicio: Proba práctica que consistirá na realización dun exercicio práctico con algunha da maquinaria ó servizo do Concello do obxecto da convocatoria. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de cinco puntos para supera-la proba.

Proba de coñecemento da lingua galega: Consistirá en contestar unha proba escrita (tipo test) cunha duración máxima de 30 minutos.

Sen embargo, as persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega, con carácter previo e da maneira normativamente establecida de acordo co previsto na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 16 de xullo de 2007, mediante a presentación do certificado que acredite ter, como mínimo o CELGA 3, daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos do proceso selectivo quen non compareza, salvo supostos de forza maior debidamente xustificadas, que serán apreciados libremente polo Tribunal.

De ser posible, realizaranse tódolos exercicios da fase de oposición na mesma sesión.

9.2.- CONCURSO (Máximo 5 puntos):

Valorarase a experiencia profesional relativa a condución de tractores e de maquinaria de limpeza de praias a razón de 0,05 puntos por mes cun máximo de 5 puntos.

A puntuación outorgarase por meses efectivos de traballo a xornada completa. As contratacións a tempo parcial prorratearanse segundo corresponda e o resto de días soltos sumarían meses se alcanzan o número de 30.

A experiencia profesional valorarase:

- Para traballadores por conta allea:
 - Informe de vida Laboral
 - Contratos de traballos e prorrogas dos mesmos ou certificación da empresa

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 3J2G93HGHPXFG3PCK7MRL39W | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 10



Concello de Boiro

onde se adquiriu a experiencia laboral, na que conste especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a actividade desenvolvida e o intervalo de tempo no que se realizou a actividade.

• Para traballadores ou traballadoras autónomos ou por conta propia:

- Informe de vida Laboral no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida e intervalo de tempo no que realizou a mesma (xustificado co alta no Réxime Especial de traballadores por conta propia ou Autónomos e a Declaración do inicio de Actividade na que aparece o Grupo ou epígrafe/sección I.A.E. ou código de actividade).

- Acreditación da empresa onde conste o código de Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) establecido polo Ministerio de Economía e Facenda.

10º.- TRIBUNAL CUALIFICADOR:

Estará formado por un/ha presidente,/a un/ha secretario/a e por tres vogais designados pola Alcaldía na mesma Resolución pola que se aproba a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas. Todos os membros deberán posuír nivel de titulación igual ou superior ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

Este tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo sempre necesaria a presenza do/a presidente/a e do/a secretario/a.

Este tribunal, por medio da súa presidencia, poderá dispoñer a incorporación ó mesmo de técnicos cualificados para colaborar nas tarefas de puntuación, baixo a dirección do tribunal, actuando con voz pero sen voto.

11º.- CONTIDO, DESENVOLVEMENTO E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS:

A resolución da Alcaldía aprobatoria da lista definitiva de persoas candidatas admitidas excluídas e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, fixará tamén a data, hora e lugar na que deberá constituírse o tribunal, así como data, hora e lugar para o comezo das probas selectivas.

As persoas aspirantes concorrerán provistas do seu DNI, documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles. Serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición as que non comparezan, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo tribunal.

Por non ser de obrigatoria a súa publicación, os anuncios de celebración das sucesivas probas ou exercicios, si iso procedese, con indicación do lugar e hora en que tivesen lugar, expóñense no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, ó menos con dous días de antelación.

Concello de Boiro





Concello de Boiro

12º.- FORMALIZACIÓN DA LISTA PARA A REALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS:

Concluída a cualificación final do proceso selectivo (que será a suma das puntuacións da proba teórica, práctica e da puntuación da fase de valoración de méritos), o tribunal elevará proposta de lista de contratación temporal por orde decrecente da puntuación total final, que determinará a orde de prelación para a súa contratación.

Esta listaxe aprobarase e quedará definitivamente constituída por Resolución de Alcaldía. As persoas integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente por orde de puntuación.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade:

1.- Por ser un grupo con infrarrepresentación do sexo feminino, e en aplicación do disposto no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2016, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, preferencia da muller respecto do home.

2.- Mellor puntuación obtida no segundo exercizo.

De persisti-lo empate, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantará a acta correspondente.

13º.- CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DA LISTA DE CONTRATACIÓN TEMPORAL:

1. A constitución dunha lista para a mesma categoría suporá a anulación da existente.

2. Unha persoa pode estar inscrita en varias listas de contratación temporal no Concello de Boiro simultaneamente.

3. Se unha persoa está inscrita en varias listas e está contratada por unha delas, non poderá optar a outro contrato de distinta categoría.

4. A renuncia ou a non finalización dun contrato no prazo establecido por causas imputables ó/a traballador/a, suporá o paso ao último lugar da lista correspondente. Así mesmo, unha nova renuncia suporá a exclusión definitiva da lista.

5. Os períodos de proba serán acordes coa lexislación vixente. Se un/ha traballador/a non supera o período de proba suporá a exclusión definitiva da lista, sen perxizo do establecido na base 14º.

6. O traballador que acumule un ou varios contratos temporais conservará a súa orde da devandita lista, ata que se cumpra un período de 6 meses (sumando as diversas contratacións), a partir do cal pasará a situarse ao final dela.

7. Os contratos ou nomeamentos de interinidade por substitución de traballadores con reserva de posto de traballo, e que por calquera circunstancia o devandito posto se converta en vacante, continuará ocupándoa o mesmo traballador previo cambio do contrato a interinidade por vacante, ata que sexa cuberto pola correspondente oferta de emprego público, ou se amortice dita praza.

Concello de Boiro





Concello de Boiro

14º.- PROCEDEMENTO CHAMAMENTO:

1. Producida a necesidade de contratación laboral temporal dun posto de traballo de condutor/a, o departamento de persoal avisará á persoa que, segundo a orde de prelación que figura na lista lle corresponda ser contratada. No caso de que esta persoa non estea dispoñible ou renuncie a ocupar o posto de traballo seguirase o chamamento segundo o orde de prelación establecido na lista.

2. As comunicacións realizaranse polo medio máis urxente, que permita a constancia da recepción destes.

O chamamento poderase facer telefonicamente en supostos de urxencia, cando a súa non cobertura por esta forma puidese orixinar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público.

Os chamamentos telefónicos faranse entre as 8 horas e as 15 horas, e o funcionario que os realice fará constar mediante dilixencia a realización de tales chamamentos, e se tiveron ou non resposta. Estes chamamentos poderán realizarse en presenza dunha testemuña.

Os integrantes das listas que, sendo chamados para facer efectiva a contratación ou nomeamento, segundo o disposto neste artigo, non se presentaran no prazo de tres días hábiles ou renunciaran a esta, suporá, agás que se trate de causa de forza maior, o pase ó último lugar da lista correspondente. Así mesmo, unha nova renuncia suporá a exclusión definitiva da lista.

Procederá a suspensión dos chamamentos sen penalización algunha á petición do interesado e sempre que o xustifique suficientemente nos seguintes casos:

- Maternidade ou adopción legal.
- Exercicio de representación sindical ou cargo público electo.
- Matrimonio.
- Falecemento de familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
- Coidado de fillos menores de 3 anos ou dun familiar ata o 2º grao consanguinidade ou afinidade que non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividades retribuídas.
- Incapacidade temporal.
- Calquera outra que a Comisión de Selección considere de forza maior.

15º.- NORMAS FINAIS:

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 3J2G93HGHPXFGG3PCK7MRL39W | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 10



Concello de Boiro

Primeira: O tribunal queda facultado para resolver tódalas cuestións que puideran suscitarse durante o desenvolvemento das probas ou na cualificación e resolverá das mesmas, podendo adoptar cantas medidas estimen oportunas para a debida orde de selección, así coma os acordos precisos para a resolución de cantos litixios se susciten e cando a súa resolución non este prevista nestas bases.

Segunda: Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais lexislación vixente de aplicación.

Terceira: Agás a convocatoria (que se publicará segundo se establece no apartado cuarto desta resolución), os sucesivos actos e comunicación que se deriven da celebración deste proceso faranse públicos, exclusivamente, a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Cuarta: Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Quinta: Contra as presentes Bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Concello de Boiro





Concello de Boiro

ANEXO

PROCEDEMENTO
INSCRIPCIÓN PROCESO SELECTIVO LISTA
CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL
CONDUTORES/AS

CÓDIGO DO PROCEDUREMENTO
2031/2020-1

DOCUMENTO
SOLICITUDE

SOLICITANTE

DNI

NOME E APELIDOS

DATA NACEMENTO

LOCALIDADE
NACEMENTO

PROVINCIA

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

TELÉFONO

RÚA/ Nº

MUNICIPIO

PROVINCIA CORREO ELECTRÓNICO

A PERSOA SOLICITANTE DECLARA QUE:

Compre os requisitos sinalados na base 6ª das que rexen este proceso selectivo para a confección lista para a cobertura laboral temporal de prazas de condutores/as de vehículos e maquinaria.

SOLICITA

Participar nas probas selectivas ás que se refire a presente solicitude e, asemade, se achega a seguinte documentación:

- DNI.
- Titulación.
- Permiso de conducir clase B.
- Curso de operador de retrocargadora.
- Curso de nivel básico de prevención de riscos laborais.
- Certificado que acredite, como mínimo, CELGA 3 ou equivalente.
- Documentación acreditativa valoración de méritos.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 3J2G93HGHPXF7MRL39W | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 10



Concello de Boiro

Boiro, ____ de _____ de 20____

Asdo.-

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 3J2G93HGHPXFGG3PCK7MRL39W | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10